

PUBLICACIÓN Un libro e un CD reúne biografías e traballos de ata 51 escritores e poetas galegos para axudar a que se consoliden no futuro

Colleita de novas **letras**

Un texto naceu do luxo mensual de aiva elaborada nas páxinas centrais do xornal 'Infoxove'

Juan Florianí · Compostela

Así como o título de *Letras Novas*, aparece unha colección de biografías e traballos en galego de 51 novos escritores e poetas galegos para axudar a que estes se consoliden no futuro, segundo explicaron onte o director xeral de Xuventude, Rubén Cela, e o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez.

O libro recompila textos dos que autores como Rosa Aneiros, Rafa Vilar, María Reimóndez, Olalla Cociña, Séchu Sendé, Diego Ameixeiras, Daniel Salgado e Antía Otero, xunto a outros autores, colaboraron no boletín de información xuvenil, *Infoxove*.

Letras novas nace das colaboracións recadadas pola Asociación de escritores en Lingua Galega durante o 2006-2007 para *Infoxove*.

O boletín de información para os mozos galegos naceu hai dous anos como un xornal adicado a prestar información útil e que fala-se das cousas que realmente lle interesan á xuventude de Galiza.

Antía Otero, vicepresidenta de AELG e unha das autoras que aparece en *Letras Novas*, agradeceu a "sensibilidade" que mostran Xuventude e a asociación de escritores cara aos novos creadores galegos. Recoñeceu que é "fácil" pórse a escribir, pero "máis difícil" o ter "visibilidade cara a fóra".

Rubén Cela explicou que, tanto a través de *Infoxove* como do libro editado, búscase "sementar para recoller", xa que augurou que nuns anos serán "creadores totalmente consolidados".

Cesáreo Sánchez, pola súa banda, resaltou que esta iniciativa busca "conseguir a visibilidade social

escritor séntase formando parte dun colectivo". A Dirección Xeral de Xuventude e AELG "renegocian á alza" o manter a colaboración vinculada a *Infoxove*, así como realización de talleres de creación literaria que, segundo Cesáreo Sánchez, serve para "sementar futuros escritores ou polo menos futuros lectores".

Na última fin de semana de setembro está prevista a celebración, no Pazo de Mariñán, en Bergondo (A Coruña), o III Encontro de Escritores Novos. Un espazo para o intercambio de experiencias e impresións e no que os autores poderán pór en común as súas creacións e articular novos mecanismos de promoción. ●



FERNANDO BLANCO

Antía Otero, poeta e vicepresidenta da Asociación de Escritores en Lingua Galega



A escritora María Reimóndez



A poeta Olalla Cociña



O poeta Daniel Salgado

M. BLANCO